

INFORME HISTÓRICO SOBRE A TRAMITACIÓN DA CREACIÓN DO CENTRO DE DÍA DE ALZHEIMER DE RIBEIRA

Ubicación: Enderezo: R/ do Malecón núm. 24. Entreplanta dun edificio de vivendas, situado no centro da vila.

Titularidade: Local cedido por un período de 5 anos renovables pola entidade Caixa Galicia.

Uso previsto: Centro de día de alzheimer. Prazas previstas: 40

Acondicionamento do local:

Xullo 2006: Realízase a 1ª visita de inspección, conclúese que o local reúne todas as características necesarias e atópase en bo estado, pero non cumpre os requisitos mínimos de accesibilidade xa que está nunha entreplanta e non conta con ascensor. O acceso ao mesmo realízase por unha escaleiras que contan cun salvaescaleiras. Esta solución non se considera axeitada para salvar unha altura. Exponse o problema a Caixa Galicia que queda de estudar a posibilidade de instalar un ascensor no lugar onde se atopa un transformador de Fenosa que é posible que este fóra de funcionamento. A outra posibilidade que se baralla sería colocar un ascensor exterior. Caixa Galicia comprométese a asumir as obras que sexan necesarias e a contestar sobre a solución adoptada.

Setembro 2006: Caixa Galicia comunica que é probable que non sexa posible colocar o ascensor. Comprométense a remitir ao Servizo de supervisión de proxectos da Vicepresidencia a documentación que acredite a solución determinada.

22/11/2006: Correo electrónico da Subdirección xeral de Autorización e Inspección de centros a Caixa Galicia. Tema: solicitude de estudo por parte de Caixa Galicia da posibilidade de cesión do espazo ocupado por un transformador para a posible instalación dun ascensor e sobre a posibilidade de que á comunidade de propietarios dea autorización para a instalación dun salvaescaleiras no portal de acceso ao edificio e ao entrechán.

30/01/ 2007 Publicación no DOG de data 30 de xaneiro de 2007 do Decreto 6/2007, do 18 de xaneiro, polo que se acepta a cesión do dereito de uso durante cinco anos dun inmovible en Ribeira, feita a título gratuíto, por Caixa Galicia á Xunta

A cesión do local formalízase sen que se remita solución por parte de Caixa Galicia.

Febreiro-abril 2007: A subdirección xeral de Proxectos e Obras asume a búsqueda de solucións.

1ª solución: Avaliase a posibilidade de instalar un salva escaleiras no portal do edificio e solicitar autorización para a utilización do ascensor do mesmo polas persoas usuarias do centro de día, malia que non se considera a máis axeitada

Maio 2007: A Comunidade de propietarios desautoriza esta posibilidade.

Xuño 2007: 2ª posibilidade: Barallase a colocación dun elevador hidráulico eliminando as escaleiras de acceso. Despois da realización dunha visita cun instalador autorizado descártase esta posibilidade.

Xullo- Setembro 2007: Estúdase como 3ª posibilidade, colocar un ascensor externo. Realízase un informe final de data 25/09/07 por parte da Subdirección de Proxectos e Obras, no que plánteas as limitacións de instalar un ascensor externo, polas seguintes razóns:

- existencia de servidumes subterráneas (precisase previo estudo e autorización do Concello)
- servidumes particulares na azotea (contactados cos particulares que viven no estranxeiro desautorizan esta posibilidade)
- Permiso da Comunidade de propietarios
- Autorización da entidade bancaria que dispón de parte da fachada do inmoible

29/09/2007: Emisión dun Informe técnico pola Subdirección xeral de Proxectos e Obras sobre a accesibilidade do centro de día Alzheimer de Ribeira: valoración do custe da instalación dun ascensor

19/10/2007: Descartadas o resto de solucións unicamente queda iniciar os contactos con Fenosa para avaliar o retranqueo do transformador de Fenosa a outra ubicación. Emítese un informe pola Subdirección xeral de Proxectos e Obras no que ponse de manifesto a existencia de deficiencias no remate das obras de acondicionamento do local executadas por Caixa Galicia e a existencia de humidades procedente da filtraxe de auga a través da terraza

18/01/2008: Caixa Galicia comunica á Delegada de Coruña a necesidade de iniciar formalmente o expediente de retranqueo á Fenosa coa finalidade de que fagan un estudo do custe do traslado do transformador.

6/02/2008: Vicepresidencia realiza a solicitude. Fenosa solicita que a solicitude a faga Caixa Galicia por ser a titular do local.

27/02/2008: Fenosa remite o proxecto da obra de retranqueo e informa que unha vez realizado o estudo o custe ascende a 74.000 euros.

Marzo 2008: Convocase reunión o día 5 de marzo para a coordinación de actuacións entre Caixa Galicia, Fenosa, o Concello de Ribeira e Vicepresidencia. Non se celebra e se muda a data da convocatoria para o día 15 de abril en Coruña

15/04/2008: Reunión entre Caixa Galicia, Fenosa, o Concello de Ribeira e Vicepresidencia, Fenosa estima o tempo de execución das obras e legalización da instalación en 4 meses polo que estimase de común acordo que en Agosto de 2008 quedaría libreo espazo onde esta o transformador para instalar o ascensor. O Concello

comprometese a axilizar os temas referidos aos permisos e licenzas necesarios para a realización das obras.

Maio 2008: Ao tempo que se realizan as xestións realízanse o proxecto e os informes de supervisión previos das obras que é preciso realizar por parte da Vicepresidencia para a instalación do ascensor e o acondicionamento dos baños do local destinado a centro de día de alzheimer. Contáctase con Caixa Galicia para a reparación por parte da comunidade de propietarios das humidades existentes no local por conta da auga que se filtra desde a terraza. Este requirimento xa existía por parte de Caixa Galicia con anterioridade a cesión do local, sen que sen chegasen a materializar as oportunas reparacións.

19/06/2008 Emítase informe previo de supervisión do proxecto de reforma interior do local por parte dos técnicos de Vicepresidencia

01/07/2008: Recíbese o proxecto da obra a realizar por Vicepresidencia para a instalación do ascensor e o acondicionamento interior do local. Fenosa solicitou permiso a Industria para o cambio do transformador, pero informa que para levalo a cabo e necesario desviar unhas canalizacións de augas. A empresa de augas do Concello (Aquagest) estima o custe da obra en mais de 18.000 euros que Fenosa non accede a asumir.

07/07/2008: solicítase licenza de obras ao Concello de Ribeira por parte da Secretaría xeral de Vicepresidencia.

10/07/2008: e-mail de Unión Fenosa a Subdirección xeral de Autorización e Inspección de centros e a Caixa Galicia. Tema: información sobre a situación en que se atopan os trámites para a realización da obra e presuposto do Concello de Ribeira para desviar as canalizacións. Comunicase que o transformador subministrárase a principios de setembro pero que Fenosa non vai a asumir o custe das obras para desviar as canalizacións da rede de pluviais Detectase pola Vicepresidencia a existencia dalgunhas partidas que poden estar duplicadas e que poden minorar o custe de levarse a cabo unha execución de obras coordinada entre Aquagest e Fenosa.

26/07/2008: Dende a Vicepresidencia informase as partes das novas obras que é necesario realizar e do custe estimado das mesmas convocándoas para unha reunión o día 3 de setembro do 2008 no Concello de Ribeira para establecer un cronograma das obras a realizar e tratar o temas expostos (convocados: Aquagest, Concello de Ribeira, Fenosa, Vicepresidencia e Caixa Galicia (non acude). Fenosa comprométese a facer un estudo do custe das obras complementarias e a contestar se accede a asumir o orzamento presentado

30/07/2008 e-mail de Unión Fenosa a Subdirección xeral de Autorización e Inspección de centros Tema: comunicación de que a partida máxima que aporta Unión Fenosa

para imprevistos é de 3.480 €, e que todo o que exceda este custe non é asumido pola entidade.

03/09/2008. Fenosa require a asunción do orzamento por presentado por Aquagest por Vicepresidencia como condición para o inicio das obras

25/09/2008 Comunícase a Fenosa e a Aquagest que Vicepresidencia faise cargo do custe das obras de desvío das canalizacións Total: 18.663,04 euros

01/10/2008 Fenosa informa de que os técnicos de Aquagest non coñecen o acordo comunicado aos seus superiores sobre a asunción do custe da obra pola Vicepresidencia. Fanse as chamadas necesarias a todas as partes para que asegurar a comunicación de que as obras poden iniciarse.

25/11/2008: Contactase cos representantes de Aquagest e Fenosa para solicitar información sobre a execución das obras do retranqueo. **Nos informan que non se empezaron as obras porque ata o día de hoxe o concello non concedeu licenza. O concello pide un aval a Fenosa de 18.000 euros que esta non está disposta a aportar, polo que o inicio da obra está estancado.**

Por outra parte, asinase o contrato para a realización das obras a executar pola Vicepresidencia para a instalación do ascensor e o acondicionamento interior do local coa empresa Obralar S.L

Decembro do 2008: Realízanse os contactos oportunos co Concello de Ribeira e Fenosa para a resolución do conflito pola esixencia dos correspondentes avais. As partes chegan a un acordo. Non obstante non se inician as obras nin tampouco comunican que non se inician.

Xaneiro de 2009: Realízase contacto con Aquagest, co fin de facer o seguimento da execución da obra e informan que aínda non comezaron. Non dan razóns. Soamente matizan que inician a obra nos próximos días

Febreiro 2009: **Comunicase que se produce o inicio das obras o día 16 de febreiro (5 meses despois do compromiso de pago por Vicepresidencia).**

Aínda que a comprobación do replanteo da obra contratada pola Vicepresidencia estaba prevista para meses atrás a día de hoxe está pendente de que deixen baleiro o oco ocupado polo transformador, e permitir o acceso aos técnicos para a toma de medidas.

Santiago de Compostela 17 de febreiro de 2009

A subdirección xeral de Autorización e Inspección de Centros